

**Resolución da comisión de selección designada para cualificar o proceso para a selección e contratación entre as persoas integrantes das listas previas na categoría profesional de Peón/Peoa, pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais e se abre o período de reclamacións.**

A comisión de selección designada para cualificar o proceso para a selección e contratación para entre as persoas integrantes das listas previas na categoría profesional de Peón/Peoa, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

**Primeiro.- Facer públicas as listas de resultados da proba física “Field Test”:**

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.4.4 e 2.2.1 das bases específicas II que rexen o proceso, acórdase facer públicas as listas de resultados obtidos polas persoas aspirantes na proba física Field Test.

**Segundo.- Aprobar e facer públicas as listas provisionais de contratación.**

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.6 que rexen o proceso, acordou aprobar e facer públicas as listas provisionais de contratación para cada ámbito territorial, que figuran publicadas por orde descendente á puntuación total obtida.

**Terceiro.- Listas de agarda.**

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.3 e nas bases específicas II apartado 3, das que rexen o proceso, as persoas candidatas que, superado o proceso selectivo, non fosen contratadas, pasan a formar parte das correspondentes listas de agarda que se configuran para cada ámbito por orde descendente á puntuación obtida no proceso.

**Cuarto. Reclamacións.**

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.6 e nas bases específicas II apartado 2.7 das que rexen o proceso, as persoas candidatas disporán dun prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para efectuar reclamacións ante a Dirección de SEAGA nos lugares dispostos no apartado 1.3.2 das bases específicas II.

A presidenta da Comisión de selección.  
Ado.- M<sup>a</sup> Jesús Cobas Ríos.

